

**Datos do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - MGC	
Número expediente:	Documento:
CON/2024/11	CON18I02TT
6B56 1P4B 024P 4Z2O 108P	

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O xefe do Servizo de Contratación, con data 10 de xullo de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe proposta que di:

“**Expediente CON/11/2024:** Servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permiso de condución

Asunto: Informe proposta de adxudicación

En relación coa adxudicación da contratación do Servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permiso de condución, en cumprimento do disposto na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante LCSP), emítase o seguinte

INFORME-PROPOSTA

Mediante resolución de Alcaldía de data 3 de maio de 2024 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, para a contratación do “Servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permiso de condución”. Así mesmo, procedeuse a aprobar o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 3 de maio de 2024 foi publicado no perfil do contratante deste Concello, localizado na Plataforma de Contratación do Sector Público, un anuncio de licitación para que calquera empresa que estivera interesada presentase unha oferta.

Visto que durante a licitación presentou oferta unha única empresa:

- NIF: B70229794 ANPIDRIVER SL

O día 24 de maio de 2024, réunese a Mesa de Contratación permanente para a Alcaldía do Concello, para a apertura e cualificación da documentación administrativa, do que resulta admitida a empresa ANPIDRIVER SL.

A continuación, a Mesa procede á apertura de criterios baseados en xuízos de valor da única empresa que resultou admitida á licitación e remite a dita documentación aos servizos técnicos para a súa valoración.

Con data de 27 de maio de 2024, a xefa do Servizo Sociocomunitario emite un informe de valoración do proxecto técnico presentado, informe publicado para que calquera interesado poida consultalo, do que resulta a seguinte puntuación:

EMPRESA	PUNTUACIÓN
ANPIDRIVER SL	15

A Mesa de Contratación, con data 31 de maio de 2024, avalía o informe técnico emitido, resultando a súa ratificación e procede á apertura do sobre que contén os criterios avaliados automaticamente, observándose que o licitador non achega o anexo I nin a xustificación dos módulos transversais, polo que lle outorga un prazo de tres días hábiles para que a empresa presente os ditos documentos, debendo estar asinados en data e hora igual ou anterior á presentación da oferta na PLACE.

En data 10 de xuño de 2024, a Mesa de Contratación acorda admitir definitivamente ao licitador, trala presentación da documentación requirida, que inclúe os seguintes datos:

EMPRESA	OFERTA S/IVA	OFERTA C/IVA	OFERTA A EFECTOS BAIXA	PRESUNCIÓN DE ANORMALIDADE	MÓDULOS TRANSVERS.	CHARLAS COMPLEMENT	VISITAS PROFESION.	PRESENTA PERFIL
ANPIDRIVER SL	39,99 €/h	39,99 €/h	39.990,00 €	NON	0	0	0	SI

Unha vez remitida novamente aos servizos técnicos, para a súa avaliación, a documentación achegada pola empresa, a xefa do servizo Sociocomunitario emitiu con data 11 de xuño de 2024 o informe de valoración dos criterios automáticos (publicado para que calquera interesado poida consultalo) do cal se da lectura na sesión da Mesa de Contratación celebrada con data 19 de xuño de 2024. A mesa ratifica dito informe, valorando as ofertas de acordo co seguinte cadro:

EMPRESA	PUNT. OFERTA	PUNT. MODULOS TRANSV.	PUNT. CHARLAS	PUNT. VISITAS	PUNT. PERFÍS	TOTAL
ANPIDRIVER SL	30,00	0,00	0,00	0,00	9,00	39,00

Esta puntuación engadida á resultante da valoración dos criterios baseados en xuízo de valor, resultou, ordenada de maneira decrecente, ser a seguinte:



Nº ORDE	EMPRESA	PUNTUACIÓN			OBSERVACIÓNS
		AUTOMÁT	XUÍZO VALOR	TOTAL	
1	ANPIDRIVER SL	39,00	15,00	54,00	Proposta para a adxudicación

De acordo coa avaliación da proposta, a Mesa propón a adxudicación do contrato a ANPIDRIVER SL por ser a única oferta e cumprir os requirimentos esixidos nos pregos de condicións.

Por resolución da Alcaldía deste concello de data 20 de xuño de 2024 acordouse requirir á empresa ANPIDRIVER SL con NIF B70229794 para que presentase a documentación necesaria para a adxudicación segundo o disposto no prego administrativo.

Así mesmo, o Concello comprobou de oficio, e con carácter previo á adxudicación deste contrato, o cumprimento das obrigas tributarias da empresa con esta administración (consta no expediente informe da Tesourería Municipal de data de 4 de xullo de 2024).

Con data 10 de xullo de 2024 emítase, por este Técnico, informe favorable á documentación presentada.

Por todo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o que subscribe, previa fiscalización, eleva á Alcaldía-Presidencia a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Adxudicar o contrato do servizo denominado “Servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permiso de condución” á empresa ANPIDRIVER SL con NIF B70229794 polo prezo de 39,99 euros/hora (IVE exento), ata un importe máximo de 39.990,00 euros (IVE exento) para o período duración do contrato.

SEGUNDO: Dispoñer o gasto de 19.995,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2410 22799 (A 220240006135) do orzamento municipal en vigor.

Así mesmo, no orzamento do ano 2025, deberá dotarse crédito necesario para facer fronte aos gastos derivados de dita contratación por importe de 19.995,00 euros con cargo á mesma aplicación orzamentaria (AP 220249000118).

TERCEIRO: A execución desta contratación levarase a cabo nas anualidades 2024 e 2025, rematando en todo caso o 29 de decembro de 2025, establecéndose os seguintes prazos parciais para os itinerarios formativos:

- Permiso de condución C+E con CAP inicial de mercadorías: 1ª edición (250 horas) a

desenvolver na anualidade 2024.

- Permiso de condución C+E con CAP inicial de mercadorías: 2ª edición (250 horas) a desenvolver na anualidade 2025.
- Permiso de condución D con CAP inicial de viaxeiros/as: 1ª edición (250 horas) a desenvolver na anualidade 2024.
- Permiso de condución D con CAP inicial de viaxeiros/as: 2ª edición (250 horas) a desenvolver na anualidade 2025.

CUARTO: O pago realizarase segundo o establecido na cláusula 33 do PCAP, contra a presentación da factura mensual, polo conxunto do traballo, reflectido en horas efectivamente executadas nese período. A factura deberá conter os seguintes códigos de facturación:

- Oficina contable LA0002628 Rexistro de facturas
- Órgano xestor L01150546 Concello de Narón
- Unidade tramitadora LA0002641 Formación e emprego

Así mesmo a factura deberá indicar os datos a que se fai referencia no punto 20 da portada do prego.

QUINTO: Nomear responsable do contrato á xefa do Servizo Sociocomunitario.

SEXTO: Notificar a presente resolución á empresa ANPIDRIVER SL con NIF B70229794, adxudataria do servizo, para a sinatura do contrato. A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se realice a notificación de adxudicación ao licitador.

SÉTIMO: Publicar a adxudicación deste contrato na Plataforma de Contratación do Sector Público.

OITAVO: Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da LCSP.”

Por todo o exposto e unha vez fiscalizado de conformidade o informe proposta de adxudicación (CON18I025Y) polo departamento de Intervención de Fondos con data 6 de setembro de 2024 (IGA18I019W), esta Alcaldía en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda da LCSP

RESOLVE

PRIMEIRO: Adxudicar o contrato do servizo denominado “Servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permiso de condución” á empresa ANPIDRIVER SL con NIF

B70229794 polo prezo de 39,99 euros/hora (IVE exento), ata un importe máximo de 39.990,00 euros (IVE exento) para o período duración do contrato.

SEGUNDO: Dispoñer o gasto de 19.995,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2410 22799 (A 220240006135) do orzamento municipal en vigor.

Así mesmo, no orzamento do ano 2025, deberá dotarse crédito necesario para facer fronte aos gastos derivados de dita contratación por importe de 19.995,00 euros con cargo á mesma aplicación orzamentaria (AP 220249000118).

TERCEIRO: A execución desta contratación levarase a cabo nas anualidades 2024 e 2025, rematando en todo caso o 29 de decembro de 2025, establecéndose os seguintes prazos parciais para os itinerarios formativos:

- Permiso de condución C+E con CAP inicial de mercadorías: 1ª edición (250 horas) a desenvolver na anualidade 2024.
- Permiso de condución C+E con CAP inicial de mercadorías: 2ª edición (250 horas) a desenvolver na anualidade 2025.
- Permiso de condución D con CAP inicial de viaxeiros/as: 1ª edición (250 horas) a desenvolver na anualidade 2024.
- Permiso de condución D con CAP inicial de viaxeiros/as: 2ª edición (250 horas) a desenvolver na anualidade 2025.

CUARTO: O pago realizarase segundo o establecido na cláusula 33 do PCAP, contra a presentación da factura mensual, polo conxunto do traballo, reflectido en horas efectivamente executadas nese período. A factura deberá conter os seguintes códigos de facturación:

- Oficina contable LA0002628 Rexistro de facturas
- Órgano xestor L01150546 Concello de Narón
- Unidade tramitadora LA0002641 Formación e emprego

Así mesmo a factura deberá indicar os datos a que se fai referencia no punto 20 da portada do prego.

QUINTO: Nomear responsable do contrato á xefa do Servizo Sociocomunitario.

SEXTO: Notificar a presente resolución á empresa ANPIDRIVER SL con NIF B70229794, adxudataria do servizo, para a sinatura do contrato. A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se realice a notificación de adxudicación ao licitador.

SÉTIMO: Publicar a adxudicación deste contrato na Plataforma de Contratación do Sector Público.



OITAVO: Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da LCSP.

***Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)***